FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

Axudas Dirixidas a Técnicos e Árbitros Para a Asistencia a Congresos e Cursos

Tempada 2011 - 2012. Circular 11-01.

Conscientes da importancia da formación e preparación no eido deportivo, a Federación Galega de Natación (FEGAN) convoca as axudas para a asistencia a congresos, seminarios ou cursos dirixidos aos adestradores e árbitros que, durante a tempada 2011 - 2012, realicen algunha actividade formativa de recoñecido prestixio fóra da nosa Comunidade.

Requisitos:

Poderán solicitar esta axuda todos os adestradores e árbitros que cumpran os requisitos seguintes:

Ter licenza federativa na FEGAN na tempada 2011-2012.

Posuír como titulación mínima o título de adestrador auxiliar en calquera das disciplinas, e categoría de árbitro territorial.

Asistir a algún congreso ou seminario referente a algunha das disciplinas que integran esta Federación, ou cursos de Adestrador Auxiliar ou Superior, e Árbitro Nacional.

Esta actividade deberá ter, polo menos, ámbito nacional e desenvolverse fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

O congreso ou curso deberá estar organizado por algunha institución vencellada ao noso deporte, preferentemente a RFEN, LEN ou FINA así como a AETN ou o Ministerio de Educación a través do sistema universitario.

Dotación da axuda e limitacións:

O importe da presente axuda consistirá nunha dieta completa (30 euros) por cada día de congreso ou curso establecéndose un máximo de 5 días computables.

A súa concesión está limitada a unha axuda por tempada para cada adestrador ou árbitro, formando parte da partida orzamentaria establecida pola FEGAN para tecnificación e formación de técnicos e árbitros.

Presentación de solicitudes e prazo:

Todos aqueles interesados deberán enviar a súa solicitude debidamente cuberta (ANEXO) á sede da FEGAN (Av. de Glasgow 13, A Coruña) xunto coa xustificación da asistencia á actividade outorgada pola institución organizadora.

A presentación da mesma deberá ser feita antes da finalización da presente tempada.

A Coruña, 8 de Xullo de 2011

Secretaría Xeral FEGAN

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

ANEXO.

Programa de Tecnificación e Formación.

AXUDAS DIRIXIDAS A TÉCNICOS E ÁRBITROS

DATOS DO SOLICITANTE.

Apelidos e nome:			
N. Licencia:		Clube:	
Enderezo postal:			
Código postal		Concello:	
Teléfono:		Correo-e:	

ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A AXUDA.

Curso ou congreso:			
Entidade organizadora:			
Lugar de celebración:			
Data:		Numero de días:	

_____, a ____ de _____ de 20___

Asdo: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR.

- Copia do certificado de asistencia onde se indique o número de xornadas e duración do curso.
- Xustificante da titulación mínima requirida (adestrador auxiliar) (entregar só no caso de solicitar esta axuda por primeira vez).